

## CONCURSO “XOGANDO COA CDU” CEIP VALLE-INCLÁN O GROVE

### OBXECTIVO.

Coñecer o sistema CDU e a ubicación dos libros na biblioteca.

### MATERIAIS.

Cartel da CDU ilustrada.

Forro transparente pintado con cuadrícula de 10x10 cms.

1 Escornabot.

Libros de diferentes temáticas da biblioteca.

### Proposta didáctica:

**1º actividade** : Aprendemos como programar o escornabot para que se desprace. Manexo dos botóns cara adiante, atrás, xiros á dereita e esquerda e botón central para comezar.

**2º actividade:** Xogo “**Colle o autobús**” . Formamos dous equipos de 5 a 8 xogadores.

Cada membro dun equipo escolle un libro da biblioteca e os xuntan nunha caixa.

Comezamos a xogar, sacando un libro da caixa e levamos o escornabot ata o autobús do cartel que teña a CDU que corresponde a ese libro.

Cada vez que un equipo acerta obtén un punto.

**3º actividade:** Xogo “**Atopa o libro**”. Un membro dun equipo escolle a temática dun libro e programa o escornabot para ir ata a casilla correspondente. (Valores, Animais, Plantas, Música...) Un membro do equipo contrario conseguirá un punto se atopa un libro con ese CDU nos andeis da biblioteca en menos dun minuto.



<http://valleinclanbiblioteca.blogspot.com/2018/11/escornabot-busca-libros.html>